

LISTA DE ASISTENTES

EQUIPO DE GOBERNO

Bravo Bosch, María José
Caparrini Marín, Natalia
Doval Ruiz, María Isabel
Lago Ferreiro, Alfonso
Lantarón Caeiro, Eva
Lesmes Romero, Yolanda
Miguez Tabarés, José Luis
Pozo Triviño, María Isabel del
Reboreda Morillo, Susana
Reigosa Roger, Manuel Joaquín
Rodríguez Rajo, Francisco Javier
Rubio Armesto, Belén
Valcárcel Fernández, Patricia
Valderrama Santomé, Mónica

DECANOS/DIRECTORES

Álvarez González, Susana
Cid Fernández, Xosé Manuel
Cruz González, María Montserrat
Currás Valle, Consuelo
Díaz Redondo, Rebeca Pilar
Formella, Arno
Pardo Froján, Juan Enrique
Peña Gallego, María de los Ángeles
Picos Martín, Juan
Río Otero, Coral del

PDI-A

Anaya Revuelta, Inmaculada
Araujo Nespereira, Pedro Antonio
Durán Barbosa, Rafael
López Ardao, Jose Carlos
Montero Reguera, José Francisco
Paz Penín, María Concepción
Porteiro Fresco, Jacobo
Ruiz Hidalgo, María del Carmen
Siota Álvarez, Mónica

PDI-B

Álvarez Álvarez, María Salomé
Barreiro Rodríguez-Moldes, M^a
Covadonga

ESTUDANTES

Davila Segade, Ruth
Diz Folgar, Manuel
Lima González, Estela

PAS

González Penín, Ana Isabel
Mollinedo Lois, Carlos

CONSELLO SOCIAL

Calviño Rodríguez, Xulio
Larriba Leira, Elvira
Pedrosa Silva, Ernesto

SINDICATOS

Cuevas Alonso, Miguel

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA

García Cutrín, Francisco Javier
Lopez Mira, Álvaro Xosé
Pazos Currás, Marta M^a
Pérez Vázquez, María Consuelo

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo do 26 de decembro de 2023, convocada para ás 9:30 h. en primeira convocatoria e ás 10:00 h. en segunda, na Sala 18 do Campus Remoto da Universidade de Vigo.

Ás 10:00 do día 26 de decembro de 2023 comeza a sesión, acadado o quórum en segunda convocatoria, presidida polo reitor, na Sala 18 (Consello de Goberno) do Campus Remoto. O reitor, e mais a secretaria xeral xunto con varios membros do órgano asisten presencialmente no Paraninfo da Universidade.

Por outra banda, as persoas da comunidade universitaria poden seguila mediante un enlace a UVigo TV cun contrasinal que se lles comunica antes do comezo da mesma.

Os asuntos a tratar son os seguintes, consonte á orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 22 de novembro de 2023.
2. Informe do reitor.
3. Aprobación, se procede, do establecemento do teito de gasto para o exercicio orzamentario 2024.
4. Aprobación, se procede, do proxecto de orzamentos da Universidade de Vigo para 2024.
5. Aprobación, se procede, da política OTM-R da Universidade de Vigo.
6. Aprobación, se procede, da programación docente anual (PDA) de titulacións de grao para o curso 2024/25.
7. Aprobación, se procede, da programación docente anual (PDA) de titulacións de máster para o curso 2024/25.
8. Aprobación, se procede, do límite de prazas de titulacións de grao para o curso 2024/25.
9. Aprobación, se procede, do límite de prazas de titulacións de máster para o curso 2024/25.
10. Aprobación, se procede, da tramitación da modificación do título de Máster Universitario en Biofabricación.

11. Aprobación, se procede, da tramitación das modificacións non substanciais das titulacións de grao, máster e programas de doutoramento para a súa adaptación ao RD 822/2021.
12. Aprobación, se procede, da convocatoria de concesión de anos sabáticos para o curso 2024/2025.
13. Informe sobre a Memoria de Responsabilidade Social da Universidade de Vigo correspondente ao 2022.
14. Aprobación, se procede, do modelo de convenio interinstitucional para o recoñecemento mutuo de créditos entre a Universidade de Vigo e universidades socias para a obtención dunha dobre titulación internacional en grao ou mestrado (versións GL/EN e ES/EN).
15. Quenda de intervencións.

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 22 de novembro de 2023.

O reitor indica que non se presentaron observacións á acta e pide que se aprobe por asentimento.

Apróbase a acta por asentimento.

2. Informe do reitor.

O reitor informa sobre os seguintes asuntos:

- Plans de estudo do estudantado: Facultade de Filoloxía e Tradución, recoñecido nas guías docentes da Uvigo para que se poida recoñecer o nivel de linguas do estudantado.
- Asinouse o convenio de infraestruturas coa Xunta de Galicia.
- Congreso de Greenmetric en Vigo, aparte do de transparencia.
- Está a debaterse na ARMADA a mudanza do título que se imparte no CUD. Queren un título mais xeneralista.
- Comezaron os traballos do POCTEP.
- Traballamos para que o máster de secundaria teña un maior número de prazas.
- Traballamos para a estabilización de profesorado previsto na LOSU.
- Informa que o Consello Galego de Universidades incorpora o título de psicoloxía.
- Homenaxe a Purificación Mayobre.
- Premios consello social Uvigo humana.
- Botadura do barco Uvigo-CIM.
- Informa sobre o reequilibrio de áreas. En canto aos sobrecustos da posta en marcha da LOSU, a CRUE está traballando para que os asuma o Ministerio. Informa tamén das prazas de axudante doutor, e tamén comenta que o que se quere é que as figuras de Ramón y Cajal poidan entrar nestas figuras. Eses contratos programa virán a Consello de Goberno.

Miguel Cuevas amosa a súa preocupación, a preocupación da parte social, pola instauración de novas titulacións na universidade privada. Cre que hai que estar moi atentos para ver que pasos van seguir e cales serán as repercusións na nosa universidade.

En segundo lugar, alégrase moito da decisión de ter en conta a solicitude da Facultade de Filoloxía e Tradución, xa que hai moito traballo do profesorado de linguas nesta solicitude. Fala tamén sobre o certificado de linguas para os estudantes de filoloxía e tradución, para ter un referendo doutras institucións, xa que nos últimos tempos fálase do negocio dos certificados de linguas. Quere que conste en acta a súa lección.

O reitor agradece o esforzo da Facultade de Filoloxía e Tradución para darlle mais pulo á Facultade. En canto ás universidades privadas, obrígalles a norma estatal a ter tres ámbitos de coñecemento, e non dous, polo que optaron por psicoloxía, pero é certo que hai dúas liñas (a Universidade de Vigo tería que negocialo dentro do mapa de titulacións coa propia Consellería e o resto de universidades de Galicia), xa que as universidades privadas teñen outra liña de actuación. Comenta tamén que pode que haxa no futuro outra universidade privada en Galicia, que está en trámites.

A vicerreitora de Profesorado e Ordenación Académica explica, con respecto a unha dúbida da reunión anterior, que coa reincorporación de Liz Marzán a taxa de reposición, aplicando ese 20%, dan as 130 prazas que se propuxeron o outro día.

Remata o informe ás 10.20.

3. Aprobación, se procede, do establecemento do teito de gasto para o exercicio orzamentario 2024.

O reitor cede á palabra á xerenta, quen explica que a normativa vixente non establece un método de cálculo do teito de gasto, polo que deberase ter en conta o límite porcentual aprobado polo Parlamento de Galicia o pasado 18 de outubro de 2023, para o exercicio 2024, que acada un 5% do montante do orzamento da Comunidade Autónoma con relación ao exercicio 2023.

A financiación do límite máximo do gasto que se aprobe, debe cumprir, tamén, coas normas sobre o déficit público; é certo que as recomendacións son de evitar incorrer en déficit, e de ser imposible o importe das diferenzas entre ingresos e gastos debe ser o menor posible.

As fontes de financiación do orzamento da Universidade de Vigo son, por orde de importancia, o P.F.S.U.G., as subvencións da Administración do Estado, os importes de prezos públicos por matrículas, os importes por servizos prestados en actividades de investigación e transferencia, e as subvencións doutras administracións públicas e de empresas privadas para actividades de investigación fundamentalmente. Tamén é un recurso de financiación do orzamento o Remanente de Tesourería conforme ao establecido no artigo 57.4 da LOSU.

A hora de calcular o importe do teito de gasto debese ter en conta que unha parte importante dos gastos que levará a cabo a Universidade no exercicio 2024 son gastos con financiación afectada, xa sexa prevista para recibir no exercicio 2024 ou recibida por anticipado no 2023. Estes importes (ingresos e gastos) non se inclúen no cálculo do teito de gasto.

En base a todo anterior podemos establecer o seguinte cálculo para o límite máximo de gastos non financeiro que a Universidade podería aprobar:

A proposta de orzamento para o exercicio 2024 queda como sigue:

Resumen por capítulo de gasto do orzamento 2024:

TOTAL AFECTADO: 75.973.695.00.

TOTAL NON AFECTADO: 172.849.272.00.

IMPORTE TOTAL: 248.822.967.00.

Resumen por capítulo de ingreso do orzamento 2024:

TOTAL AFECTADO: 75.973.695.00.

TOTAL NON AFECTADO: 172.849.272.00.

IMPORTE TOTAL: 248.822.967.00.

| CALCULO LIMITE GASTO PARA 2024 | | |
|--------------------------------------|------------------|------------------|
| | 2023 | 2024 |
| TOTAL GASTO | 227.915.618,00 € | 248.822.967,00 € |
| TOTAL AFECTADO | -65.153.004,00 € | -75.973.695,00 € |
| TOTAL CAP. VIII E IX | -834.508,00 € | -670.000,00 € |
| TOTAL NON AFECTADO NON FINANCEIRO | 161.928.106,00 € | 172.179.272,00 € |
| MARGEN AUTORIZADO SOBRE EX. ANTERIOR | 8,20 % | 5,00 % |
| INCREMENTO AUTORIZADO | 12.740.176,66 € | 8.096.405,30 € |
| TOTAL TEITO DE GASTO NON FINANCEIRO | 174.668.282,66 € | 180.275.677,30 € |

Apróbase por maioría. 40 votos a favor, 1 voto en contra, 2 abstencións.

4. Aprobación, se procede, do proxecto de orzamentos da Universidade de Vigo para 2024.

O reitor cede a palabra á xerenta, que expón o proxecto de orzamentos para o 2024.

O escenario orzamentario:

Condicionantes económicos e legais:


➤ Plan galego de financiamento universitario 2022-2026 aprobado polo Consello Galego de Universidades o 7 de decembro do 2022.

➤ Lexislación de carácter xenérico para o sector público autonómico e estatal ou para o ámbito universitario:


- *Lei Orgánica 2/2023, de 22 de marzo do Sistema Universitario*
- *Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira de Galicia*
- *Ley 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno*
- *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*
- *Estatutos da Universidade de Vigo*
- *Proxecto de Lei de Orzamentos da CC.AA. de Galicia para o ano 2024*

Evolución económico-financieira da Universidade de Vigo:

Achegas dos plans de financiamento á Universidade de Vigo: 2016-2024.



Orzamento 2024: Ingresos.



Resumen por capítulos do gasto do ORZAMENTO 2024

| Capítulo | Non afectado | Afectado | Importe |
|--------------|-------------------------|------------------------|-------------------------|
| 1 | 129.764.138,00 € | 13.782.654,38 € | 143.696.792,38 € |
| 2 | 16.722.160,33 € | 3.402.148,48 € | 32.241.723,43 € |
| 3 | 0,00 € | 0,00 € | 390.000,00 € |
| 4 | 2.118.000,00 € | 3.959.969,00 € | 8.384.496,00 € |
| 5 | 0,00 € | 0,00 € | 1.000.000,00 € |
| 6 | 687.663,60 € | 54.828.923,14 € | 62.439.955,19 € |
| 8 | 0,00 € | 0,00 € | 70.000,00 € |
| 9 | 600.000,00 € | 0,00 € | 600.000,00 € |
| TOTAL | 149.891.961,93 € | 75.973.695,00 € | 248.822.967,00 € |

Orzamentos de ingresos 2024-2023:

COMPARATIVA INGRESOS 24/23

| Capítulo | Nome | 2023 | 2024 | %24/23 |
|----------|------------------------------------------|-------------------------|-------------------------|--------------|
| 3 | Taxas, prezos públicos e outros ingresos | 17.106.138,00 € | 14.381.222,00 € | -15,93% |
| 4 | Transferencias correntes | 144.570.883,00 € | 147.085.022,80 € | 1,74% |
| 5 | Ingresos patrimoniais | 210.000,00 € | 605.000,00 € | 188,10% |
| | Ingresos correntes | 161.887.021,00 € | 162.071.244,80 € | 0,11% |
| 6 | Enaxenación de inversións reais | 400.000,00 € | | -100,00% |
| 7 | Tranferencias de capital | 40.433.371,00 € | 54.433.064,00 € | 34,62% |
| | Ingresos de capital | 40.833.371,00 € | 54.433.064,00 € | 33,31% |
| 8 | Variación de activos financeiros | 25.195.226,00 € | 32.318.658,20 € | 28,27% |
| | Variación de pasivos financeiros | 0,00 € | 0,00 € | |
| | TOTAIS | 227.915.618,00 € | 248.822.967,00 € | 9,17% |

Participación dos principais capítulos de ingreso no conxunto do orzamento:

| Comparativa porcentual da distribución dos ingresos por capítulos 24/23 | | | |
|-------------------------------------------------------------------------|--------|--------|-----------|
| Capítulo | 2023 | 2024 | Evolución |
| Taxas, prezos públicos e outros ingresos | 7,51% | 6,00% | ▼ |
| Transferencias correntes | 63,31% | 59,00% | ▼ |
| Ingresos patrimoniais | 0,09% | 0,00% | |
| Enaxenación en inversións reais | 0,18% | 0,00% | |
| Transferencias de capital | 17,74% | 22,00% | ▲ |
| Variación de activos financeiros | 11,17% | 13,00% | ▲ |

Orzamento de gastos (2024/2023):

| Variación dos capítulos de gasto 24/23 | | | | |
|----------------------------------------|------------------------------|-------------------------|-------------------------|---------------|
| Capítulo | Nome | 2023 | 2024 | % 24/23 |
| 1 | Persoal | 134.968.199,00 € | 143.696.792,38 € | 6,47% |
| 2 | Gastos correntes | 33.570.772,00 € | 32.241.723,43 € | -3,96% |
| 3 | Gastos financeiros | 409.450,00 € | 390.000,00 € | -4,75% |
| 4 | Transferencias correntes | 7.217.724,00 € | 8.384.496,00 € | 16,17% |
| 5 | Fondo de continxencia | 300.000,00 € | 1.000.000,00 € | 233,33% |
| | Operación correntes | 176.466.145,00 € | 185.713.011,81 € | 5,24% |
| 6 | Investimentos reais | 50.614.965,00 € | 62.439.955,19 € | 23,36% |
| | Operacións de capital | 50.614.965,00 € | 62.439.955,19 € | 23,36% |
| 8 | Activos financeiros | 70.000,00 € | 70.000,00 € | 0,00% |
| 9 | Pasivos financeiros | 764.508,00 € | 600.000,00 € | -21,52% |
| TOTAL | | 227.915.618,00 € | 248.822.967,00 € | 9,17% |

Participación dos principais capítulos de gasto no orzamento:

| Distribución orzamento de gasto 22/23 | | | |
|---------------------------------------|--------|--------|-----------|
| Capítulo | 2023 | 2024 | Evolución |
| Personal | 59,22% | 58,00% | ▼ |
| Gastos correntes | 14,73% | 13,00% | ▼ |
| Gastos financeiros | 0,78% | 0,00% | |
| Transferencias correntes | 3,17% | 3,00% | |
| Fondo de continxencia | 0,13% | 1,00% | |
| Investimentos reais | 22,21% | 25,00% | ▲ |
| Activos financeiros | 0,03% | 0,00% | |
| Pasivos financeiros | 0,34% | 0,00% | |

Resumo do orzamento de gastos 2024:

| Resumen por capitulos do gasto do ORZAMENTO 2024 | | | |
|--------------------------------------------------|-------------------------|------------------------|-------------------------|
| Capítulo | Non afectado | Afectado | Importe |
| 1 | 129.764.138,00 € | 13.782.654,38 € | 143.696.792,38 € |
| 2 | 16.722.160,33 € | 3.402.148,48 € | 32.241.723,43 € |
| 3 | 0,00 € | 0,00 € | 390.000,00 € |
| 4 | 2.118.000,00 € | 3.959.969,00 € | 8.384.496,00 € |
| 5 | 0,00 € | 0,00 € | 1.000.000,00 € |
| 6 | 687.663,60 € | 54.828.923,14 € | 62.439.955,19 € |
| 8 | 0,00 € | 0,00 € | 70.000,00 € |
| 9 | 600.000,00 € | 0,00 € | 600.000,00 € |
| TOTAL | 149.891.961,93 € | 75.973.695,00 € | 248.822.967,00 € |

A corrección de erros fíxose con respecto a esta diapositiva, no que se refire ao non afectado, a saber:

1. 129.914.138.00
2. 28.839.574.95
3. 390.000
4. 4.424.527.00
5. 1.000.000.00
6. 7.611.032
8. 70.000.00
9. 600.000.00
- TOTAL: 172.849.272.00

Dotación dos programas de gasto: Explica a suba do gasto.

| Programas | Descrición | 2023 | 2024 | VARIACIÓN |
|---------------------|--------------------------------------------|-------------------------|-------------------------|--------------|
| 111L | Docencia | 3.809.388,00 € | 3.753.385,51 € | -1,47% |
| 121D | Apoio ao alumnado e a docencia | 6.468.441,00 € | 8.450.339,76 € | 30,64% |
| 131H | Fomento e desenvolvemento da investigación | 50.470.042,00 € | 55.447.642,84 € | 9,86% |
| 141B | Dotación de fondos bibliográficos | 2.127.400,00 € | 2.127.400,00 € | 0,00% |
| 211E | Extensión universitaria | 1.057.767,00 € | 1.112.875,50 € | 5,21% |
| 311V | Dotación e mantemento de infraestruturas | 18.172.211,00 € | 24.064.540,76 € | 32,42% |
| 421S | Goberno e administración da universidade | 145.810.369,00 € | 153.866.782,63 € | 5,53% |
| TOTAL GASTOS | | 227.915.618,00 € | 248.822.967,00 € | 9,17% |

LIÑAS DE ACTUACIÓN:

PROGRAMA APOIO AO ALUMNADO E Á DOCENCIA

- Bolsas
- Subprogramas Erasmus
- Actividades de títulos propios: Convenio co M^º de Transporte
- Actuacións en materia de innovación educativa
- Convenio para o desenvolvemento dos cursos de capacitación dixital de sustentabilidade co M^º de Defensa
- PUM

EXTENSIÓN UNIVERSITARIA

- Actividades deportivas nos Campus de Vigo, Pontevedra e Ourense, incluídas as financiadas polos convenio coa Deputación de Ourense
- Actividades culturais nos Campus de Vigo Pontevedra e Ourense, incluídas as financiadas con cargo aos convenios coa Deputación de Ourense e a de Pontevedra
- Actuacións para a integración da diversidade e apoio ao alumnado e soporte das accións de voluntariado
- Actuacións de captación de alumnado

FOMENTO E DESENVOLVEMENTO DA INVESTIGACIÓN

- Proxectos de investigación do MEC e cofinanciados, acadan os 10 mill
- Aparecen como orgánicas os centros singulares e aqueles con vocación de acadar tal condición (IAA, IXX, IFA, ECOBAS)
- Axudas aos grupos de investigación: Convenio coa Deputación de Ourense
- Actuacións para o desenvolvemento e apoio á investigación (axudas á mobilidade contratos predoutorais, axudas propias, orzamento de cátedras estratéxicas e agrupacións estratéxicas)
- Proxectos de investigación con fondos de transferencias doutras Administracións (RyC, proxecto de comunicación cuántica e investigación en CCMM , proxectos cofinanciados con fondos europeos e outros)

DOTACIÓN E MANTEMENTO DE INFRAESTRUTURAS

- Servizos informáticos: Rediseño do portal institucional
- Equipamento de laboratorios
- Edificio da Escola de Enxeñaría aeronáutica
- Instalacións térmicas renovables nos campus de Vigo, Ourense e Pontevedra
- Aeroxerador
- Reforma do local para laboratorio no módulo 2 do CINBIO
- Mobiliario laboratorio CIMBIO
- Redacción do proxecto do Edificio Siemens
- Estudio de necesidades do Edificio Hospital de Pontevedra para as facultades relacionadas coas Ciencias da Saúde
- Proxectos SIGMA, UNISOC

Conclusións:

- Mantemento do equilibrio orzamentario a longo do ciclo económico dende 2012.
- O Plan de Financiamento do SUG favorece a dotación da Universidade de Vigo. Malia isto, haberá que estar pendente da execución do compromiso de destinar o 1% do PIB ás Universidades. A Xunta de Galicia xa se pronunciou ao respecto.
- Asemade, a nova lei orgánica introduce melloras cara a calidade das que se espera o oportuno financiamento.
- A Universidade é capaz de concorrer con éxito ás convocatorias de axentes financiadores ao marxe do PFSUG e obter recursos para o desenvolvemento, nomeadamente, da actividade investigadora e as súas infraestruturas, arredor dun 30% procede de tales fontes.
- O capítulo I supón o de maior peso nos conceptos do orzamento de gasto. Coa súa dotación cóbrease os incrementos salariais anunciados ou aprobados polo Estado, e as políticas de persoal desenvoltas polo goberno da Universidade a prol da estabilización, unificación dos réximes xurídicos, e retención do talento. Queda por diante o reto do relevo se atendemos a idade media do persoal
- O orzamento contempla iniciativas de alto interese para a Universidade, nomeadamente o edificio de Ciencias Aeroespaciais, a transformación do antigo Hospital Provincial de Pontevedra e o Proxecto da ETEA.
- A Universidade segue a dispoñer de recursos propios para atender o gasto estrutural no financiado por outros axentes, pero dito isto, deberán empregarse esforzos para adoitar medidas orientadas a consolidar os ingresos que garantan a estabilidade orzamentaria e a saúde financeira da Universidade, obtención de recursos e a racionalización do gasto

Coral del Río intervén para dicir que ten unha dúbida nas conclusións na primeira frase: Que quere dicir exactamente? A xerente responde que se mantén o ciclo económico dende 2012. Coral responde que parece dicir que o equilibrio se mantén ao longo do ciclo económico, dende 2012. É dicir ano a ano. Coral responde que en economía ciclo ten un significado diferente. Non se vai alargar: Nós Universidade non vai votar a favor. Os gastos correntes superan aos ingresos correntes, e non é unha situación conxuntural senón sistemática ano tras ano. A presentación que fixo a xerente é a mesma que o outro día no Claustro, todo o debate non serviu para cambiar un milímetro nesta presentación. Estamos peor que fai 5 anos para acometer os grandes obxectivos que temos de renovación de plantilla, cuns presupostos que lles preocupan.

Anabel González Penín quere insistir na falta de compromiso co PAS; non se contempla a carreira horizontal do PAS, e quere denunciar isto. Ten dúbidas con respecto a sostibilidade económica da Uvigo. Incide en que non constan nos presupostos o compromiso co PAS, se é un compromiso do reitor.

O reitor responde que as cifras que se barallan son diferentes das da parte sindical, polo que falarán de cifras cando se chegue a un acordo coa parte sindical. Hai discrepancias no punto de partida da negociación, pero hai moitas cousas que negociar á vez. O reitor engade que podemos estar contentos coa política de persoal. O éxito que ten o noso persoal, o talento, fai que teñamos moito éxito nas convocatorias internacionais e recibamos tantos cartos.

Está tranquilo cos orzamentos actuais e, como di a LOSU, os orzamentos terán que ter un 1% do PIB, e será moi bo para a suficiencia financeira para o sistema universitario galego. As contas están ben botadas, deixaremos moi ben encamiñada a Universidade para o futuro. Nos queda unha nova

RPT, un novo cadro de persoal. En todo caso, podemos aproveitar para que sexa unha mellora para o PTXAS, PAS; e para a propia Institución. Anabel responde que a mellora é para a propia institución. Non muda nada, hai malestar no PAS. Sempre foi o seu punto de vista. O que queren é mellorar a propia institución. Cando se fala de promoción, quere que quede claro que se fala de PDI, non de PAS. Cada ano vai a mais, non ven mudanza.

O reitor afirma o seu compromiso persoal en mudar a situación do PTXAS (PAS) da Universidade de Vigo.

Se vota o proxecto de orzamentos da Universidade de Vigo para o 2024.

Apróbanse por maioría. 38 votos a favor, 3 votos en contra, 2 abstencións.

5. Aprobación, se procede, da política OTM-R da Universidade de Vigo.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación, quen explica a política OTM-R, siglas que se refiren a ciencia aberta, e máis en concreto:

Contratación aberta, transparente e baseada en méritos (OTM-R).

Programa HR Excelencia na Investigación (2016).

Principios da Carta europea e o Código de conduta para contratar persoal investigador.

Aplicables a todo o persoal investigador desde R1 a R4 (respecto á lexislación e á normativa).

Carreira investigadora
Perfis de investigación

Descritores: 



Persoal Investigador Predoutoral (fase inicial)

Ata a obtención do grao de doutor.

Estudantes matriculados nun programa de doutoramento que realizan investigación baixo supervisión.



Persoal Investigador Recoñecido

Doutores ou equivalentes, aínda non totalmente independentes.

Persoas cun título de doutoramento que aínda non establecesen un nivel significativo de independencia, así como o persoal investigador cun nivel equivalente de experiencia e competencia.

Profesorado axudante doutor.

Postdoc Xunta-GAIN, Juan de la Cierva, Ramón y Cajal, Beatriz Galindo Júnior, entre outros.



Persoal Investigador Establecido

Desenvolveu un nivel de independencia.

Profesorado titular de universidade, profesorado permanente laboral, profesorado contratado doutor, entre outros.

Ramón y Cajal consolidación, Beatriz Galindo Sénior, entre outros. (en xeral, require certificación de R3).



Persoal Investigador Líder

Lideran a súa área ou campo de investigación.

Xefe ou xefa de equipo dun grupo de investigación o a persoa responsable dun laboratorio de I+D da industria.

Catedráticos/as de universidade, Investigadores/as distinguidos/as e outras figuras que lideran a súa área de investigación.



Adicionalmente a estes perfís, o persoal investigador integra tamén o persoal contratado para a xestión científico-técnica (acti v idades vinculadas a liñas de investigación ou servizos científico-técnicos). Este persoal pode dispor das competencias dalgun dos perfís (R1, R2...). Lei 14/2011 da Ciencia, Tecnoloxía e Innovación.

Hai unha infografía na páxina web.

Apróbase por asentimento.

6. Aprobación, se procede, da programación docente anual (PDA) de titulacións de grao para o curso 2024/25.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Titulacións e Innovación Docente, quen sinala que foi aprobada por asentimento na COAP do 15 de decembro de 2023:

PDA - Curso académico 2024/2025

| Centro | TMG | PDA 2023/24 | Normas PDA 2024/2025 | | 2024/2025 | | Axuste | | |
|-------------------------------------------------------|-------|-------------|----------------------|--------|-----------|-----------|----------|------------|---------|
| | | | Teórico | Total | Dif % | PDA máx. | Proposta | Solicitado | |
| 101 - Facultade de Ciencias | 30,00 | 5.978,00 | 5.437,78 | -9,0% | 5.437,78 | 5.754,00 | 540,22 | 224,00 | -3,75% |
| 102 - Facultade de Historia | 35,00 | 2.428,00 | 3.265,93 | 34,5% | 3.265,93 | 2.687,00 | -837,93 | -259,00 | 10,67% |
| 103 - Facultade de Dereito | 35,00 | 4.332,00 | 4.408,87 | 1,8% | 4.332,00 | 4.408,00 | 0,00 | -76,00 | 1,75% |
| 104 - Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo | 35,00 | 8.266,60 | 6.890,33 | -16,6% | 6.890,33 | 7.201,30 | 1376,27 | 1065,30 | -12,89% |
| 105 - Facultade de Educación e Traballo Social | 35,00 | 15.295,50 | 16.017,00 | 4,7% | 15.295,50 | 15.307,00 | 0,00 | -11,50 | 0,08% |
| 106 - ES de Enxeñaría Informática | 30,00 | 9.823,40 | 11.222,55 | 14,2% | 11.222,55 | 11.338,00 | -1399,15 | -1514,60 | 15,42% |
| 107 - Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo | 30,00 | 3.410,00 | 3.410,00 | 0,0% | 3.410,00 | 3.410,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00% |
| 108 - Facultade de Relacións Internacionais | 35,00 | 1.155,00 | 1.820,00 | 57,6% | 1.820,00 | 1.820,00 | -665,00 | -665,00 | 57,6% |
| 201 - Facultade de Belas Artes | 30,00 | 8.299,00 | 7.942,76 | -4,3% | 8.299,00 | 8.299,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00% |
| 202 - Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte | 35,00 | 13.927,50 | 13.626,52 | -2,2% | 13.927,50 | 13.920,00 | 0,00 | 7,50 | -0,05% |
| 203 - Escola de Enxeñaría Forestal | 30,00 | 2.877,00 | 2.877,00 | 0,0% | 2.877,00 | 2.876,00 | 0,00 | 1,00 | -0,03% |
| 204 - Facultade de Comunicación | 35,00 | 8.900,00 | 9.139,86 | 2,7% | 8.900,00 | 9.100,00 | 0,00 | -200,00 | 2,25% |
| 205 - Facultade de Fisioterapia | 30,00 | 3.490,00 | 3.631,00 | 4,0% | 3.490,00 | 3.631,00 | 0,00 | -141,00 | 4,04% |
| 206 - Facultade de Deseño | 30,00 | 827,50 | 1.663,20 | 101,0% | 1.663,20 | 1.662,50 | -835,70 | -835,00 | 100,91% |
| 207 - Facultade de Dirección e Xestión Pública | 35,00 | 3.979,00 | 3.979,00 | 0,0% | 3.979,00 | 3.979,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00% |
| 301 - Facultade de Filoloxía e Tradución | 35,00 | 15.806,00 | 14.455,62 | -8,5% | 14.455,62 | 14.982,00 | 1350,38 | 824,00 | -5,21% |
| 302 - Facultade de Bioloxía | 30,00 | 5.430,00 | 5.721,69 | 5,4% | 5.721,69 | 5.669,00 | -291,69 | -239,00 | 4,40% |
| 303 - Facultade de CC Económicas e Empresariais | 35,00 | 17.188,00 | 16.646,99 | -3,1% | 17.188,00 | 17.176,00 | 0,00 | 12,00 | -0,07% |
| 305 - Escola de Enxeñaría de Telecomunicación | 30,00 | 9.936,00 | 8.318,90 | -16,3% | 8.318,90 | 8.338,00 | 1617,10 | 1598,00 | -16,08% |
| 306 - Facultade de Comercio | 35,00 | 4.010,00 | 3.450,00 | -14,0% | 3.450,00 | 3.792,00 | 560,00 | 218,00 | -5,44% |
| 308 - Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo | 35,00 | 8.426,00 | 7.687,74 | -8,8% | 7.687,74 | 8.126,00 | 738,26 | 300,00 | -3,56% |
| 309 - Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía | 30,00 | 5.044,60 | 4.828,36 | -4,3% | 5.044,60 | 5.044,60 | 0,00 | 0,00 | 0,00% |
| 310 - Facultade de Ciencias do Mar | 30,00 | 4.342,00 | 4.478,09 | 3,1% | 4.342,00 | 4.404,00 | 0,00 | -62,00 | 1,43% |
| 311 - Facultade de Química | 30,00 | 4.506,00 | 3.974,80 | -11,8% | 3.974,80 | 4.324,00 | 531,20 | 182,00 | -4,04% |
| 312 - Escola de Enxeñaría Industrial | 30,00 | 32.747,00 | 30.413,11 | -7,1% | 30.413,11 | 32.187,00 | 2333,89 | 560,00 | -1,71% |

Adscrición de materias de novos cursos:

| GRAO EN DESEÑO | | | |
|----------------------------------------------|----------|------------------|---------------------------------------------------------------------|
| CURSO | 2.º | | |
| MATERIAS | CRÉDITOS | TIPO | DEPARTAMENTO |
| Deseño e estudos culturais | 6 | Formación básica | 00H09: Debuxo. A0185: Debuxo |
| Teoría, crítica e historia do deseño II | 6 | Formación básica | 00H05: Historia, arte e xeografía. A0465: Historia da arte |
| Expresión artística: ilustración | 6 | Formación básica | 00H09: Debuxo. A0185: Debuxo |
| Deseño e sociedade | 6 | Formación básica | 00H08: Pintura. A0690: Pintura |
| Laboratorio integrado: procedementos II | 6 | Obrigatoria | 00H09: Debuxo. A0185: Debuxo |
| Fundamentos de tipografía | 6 | Obrigatoria | 00H09: Debuxo. A0185: Debuxo |
| Modelado 3D | 6 | Obrigatoria | 00H09: Debuxo. A0185: Debuxo |
| Introdución á fotografía dixital de produto | 6 | Obrigatoria | 00H08: Pintura. A0690: Pintura |
| Laboratorio integrado: procesos de produción | 6 | Obrigatoria | 00X05: Didácticas especiais. A0193: Didáctica da expresión plástica |
| Deseño de identidades | 6 | Optativa | 00H09: Debuxo. A0185: Debuxo |
| Fundamentos do deseño de moda | 6 | Optativa | 00H09: Debuxo. A0185: Debuxo |

| GRAO EN CIENCIA DA ACTIVIDADE FÍSICA E DO DEPORTE | | | |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------|------------------|---------------------------------------------------------------------|
| CURSO | 2.º | | |
| MATERIAS | CRÉDITOS | TIPO | DEPARTAMENTO |
| Educación: epistemoloxía da ciencia e deontoloxía profesional no ámbito da actividade física e do deporte | 6 | Formación básica | 00X05: Didácticas especiais. A0187: Didáctica da expresión corporal |
| Fundamentos dos deportes individuais | 9 | Formación básica | 00X05: Didácticas especiais. A0245: Educación física e deportiva |
| Actividades físico-deportivas no medio natural e a súa didáctica | 6 | Obrigatoria | 00X05: Didácticas especiais. A0245: Educación física e deportiva |
| Fundamentos dos deportes colectivos I | 9 | Obrigatoria | 00X05: Didácticas especiais. A0245: Educación física e deportiva |
| Fisioloxía: fisioloxía do exercicio II | 6 | Obrigatoria | 00X05: Didácticas especiais. A0245: Educación física e deportiva |
| Expresión corporal e danza | 6 | Obrigatoria | 00X05: Didácticas especiais. A0245: Educación física e deportiva |
| Fundamentos dos deportes colectivos II | 9 | Obrigatoria | 00X05: Didácticas especiais. A0245: Educación física e deportiva |
| Fundamentos dos deportes ximnásticos | 9 | Obrigatoria | 00X05: Didácticas especiais. A0245: Educación física e deportiva |



| GRAO EN RELACIÓNS INTERNACIONAIS | | | |
|---------------------------------------------------------|----------|-------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| CURSO | 3.º | | |
| MATERIAS | CRÉDITOS | TIPO | DEPARTAMENTO |
| Idioma estranxeiro III: francés | 6 | Obrigatoria | 00H04 Filoloxía inglesa, francesa e alemá. A0335: Filoloxía francesa |
| Idioma estranxeiro III: alemán | 6 | Obrigatoria | 00H04 Filoloxía inglesa, francesa e alemá. A0320: Filoloxía alemana 00X03: Dereito público. |
| Diplomacia e protocolo internacional | 6 | Optativa | A0160: Dereito internacional público e relacións internacionais |
| Fundamentos de dereito internacional privado e uniforme | 6 | Optativa | 00X02: Dereito privado. A0155: Dereito internacional privado |
| Economía internacional | 6 | Optativa | 00X06: Economía aplicada. A0225: Economía aplicada |
| Política global contemporánea e os novos actores | 6 | Optativa | 00X11: Socioloxía, ciencia política e da administración e filosofía. A0070: Ciencia política e da administración |
| Seguridade e relacións internacionais | 6 | Optativa | 00X11: Socioloxía, ciencia política e da administración e filosofía. A0070: Ciencia política e da administración |
| Estranxería | 6 | Optativa | 00X02: Dereito privado. A0155: Dereito internacional privado |
| Práctica do dereito internacional privado | 6 | Optativa | 00X02: Dereito privado. A0155: Dereito internacional privado |
| Sistema financeiro e finanzas internacionais | 6 | Optativa | D00x07: Economía financeira e contabilidade. A0230: Economía financeira e contabilidade |
| Fundamentos da xestión de proxectos internacionais | 6 | Optativa | D00x09: Organización de empresas e márketing. A0650: Organización de empresas |
| Cooperación transfronteiriza en asuntos penais | 6 | Optativa | 00X03: Dereito público. A0170: Dereito penal A0175: Dereito procesual 00X11: Socioloxía, ciencia política e da administración e filosofía. A0070: Ciencia política e da Administración. 00X03: Dereito público. |
| Relacións exteriores da UE | 6 | Optativa | A0160: Dereito internacional público e relacións internacionais |

| GRAO EN INTELIXENCIA ARTIFICIAL | | | |
|------------------------------------------|----------|-------------|------------------------|
| CURSO | 3.º | | |
| MATERIAS | CRÉDITOS | TIPO | DEPARTAMENTO |
| Aprendizaxe automática I | 6 | Obrigatoria | 00T15: Informática |
| Bases de datos NoSQL | 6 | Obrigatoria | 00T15: Informática |
| Razoamento con incerteza | 6 | Obrigatoria | 00T15: Informática |
| Sistemas expertos | 6 | Obrigatoria | 00T15: Informática |
| Técnicas de procesamento masivo de datos | 6 | Obrigatoria | 00T15: Informática |
| Aprendizaxe automática bioinspirada | 6 | Obrigatoria | 00T15: Informática |
| Aprendizaxe automática II | 6 | Obrigatoria | 00T15: Informática |
| Dimensión ética e xurídica da IA | 6 | Obrigatoria | 00X02: Dereito privado |
| Plataformas de Internet das cousas | 6 | Obrigatoria | 00T15: Informática |
| Sistemas reactivos | 6 | Obrigatoria | 00T15: Informática |



| GRAO EN COMERCIO (modificación) | | | |
|------------------------------------------|----------|------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| CURSO | 1.º | | |
| MATERIAS | CRÉDITOS | TIPO | DEPARTAMENTO |
| Microeconomía | 6 | Formación básica | 00X08: Fundamentos da análise económica e historia e institucións económicas. A0415: Fundamentos da análise económica |
| Principios de xestión responsable | 6 | Formación básica | 00X09: Organización de empresas e márketing. A0650: Organización de empresas |
| Márketing | 6 | Formación básica | 00X09: Organización de empresas e márketing. A0095: Comercialización e investigación de mercados |
| Matemáticas | 6 | Formación básica | 00C06: Matemáticas. A0015: Análise matemática |
| Fundamentos de contabilidade | 6 | Formación básica | 00X07: Economía financeira e contabilidade. A0230: Economía financeira e contabilidade |
| Economía española e mundial | 6 | Formación básica | 00X06: Economía aplicada. A0225: Economía aplicada |
| Matemáticas comerciais | 6 | Formación básica | 00X07: Economía financeira e contabilidade. A0230: Economía financeira e contabilidade |
| Estatística | 6 | Formación básica | 00C05: Estatística e investigación operativa. A0265: Estatística e investigación operativa |
| Socioloxía do consumo | 6 | Formación básica | 00X11: Socioloxía, ciencia política e da administración e filosofía. A0775: Socioloxía |
| Informática aplicada á xestión comercial | 6 | Obrigatoria | 00T15: Informática. A0570: Linguaxes e sistemas informáticos |

| GRAO EN ADMINISTRACIÓN E DIRECCIÓN DE EMPRESAS (modificación) | | | |
|---------------------------------------------------------------|----------|------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| CURSO | 1.º | | |
| MATERIAS | CRÉDITOS | TIPO | DEPARTAMENTO |
| Economía: microeconomía | 9 | Formación Básica | 00X08: Fundamentos da análise económica e historia e institucións económicas. A0415: Fundamentos da análise económica |
| Empresa: fundamentos de administración | 6 | Formación Básica | 00X09: Organización de empresas e márketing. A0650: Organización de empresas |
| Historia: historia económica | 6 | Formación Básica | 00X08: Fundamentos da análise económica e historia e institucións económicas. A0480: Historia e institucións económicas |
| Matemáticas: matemáticas | 9 | Formación Básica | 00C06: Matemáticas. A0005: Álgebra. A0015: Análise matemática. A0440: Xeometría e topoloxía |
| Economía: economía española e mundial | 6 | Formación Básica | 00X06: Economía aplicada. A0225: Economía aplicada |
| Empresa: matemática das operacións financeiras | 6 | Formación Básica | 00X07: Economía financeira e contabilidade. A0230: Economía financeira e contabilidade |
| Empresa: xestión de empresas | 6 | Formación Básica | 00X09: Organización de empresas e márketing. A0650: Organización de empresas |
| Estatística: estatística | 6 | Formación Básica | 00C05: Estatística e investigación operativa. A0265: Estatística e investigación operativa |
| Dereito mercantil | 6 | Obrigatoria | 00X02: Dereito privado. A0165: Dereito mercantil |

Apróbanse por asentimento.

7. Aprobación, se procede, da programación docente anual (PDA) de titulacións de máster para o curso 2024/25.

O reitor cede a palabra ao Vicerreitor de Titulacións e innovación Docente, quen expón que foi aprobada por asentimento na COAP do 15 de decembro de 2023:

| CÓDIGO | DENOMINACIÓN | 2024/2025 | | |
|------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------|------|---------|
| | | MAX | PDA | Dif_PDA |
| O01M139V01 | Mestrado universitario en nutrición | 319 | 318 | 1 |
| O01M142V01 | Mestrado universitario en ciencia e tecnoloxía agroalimentaria e ambiental | 312 | 312 | 0 |
| O02M143V03 | Mestrado universitario en valoración, xestión e protección do patrimonio cultural | 344 | 344 | 0 |
| O02M187V01 | Mestrado universitario en arqueoloxía e ciencias da Antigüidade | 152 | 152 | 0 |
| O03M110V01 | Mestrado universitario en avogacía-Ourense | 432 | 432 | 0 |
| O05M053V01 | Mestrado universitario en dificultades de aprendizaxe e procesos cognitivos | 240 | 240 | 0 |
| O05M190V01 | Mestrado universitario en desafíos das cidades atlánticas | 130 | 97,5 | 32,5 |
| O06M132V03 | Mestrado universitario en enxeñaría informática | 768 | 768 | 0 |
| O06M193V01 | Mestrado universitario en intelixencia artificial | 468 | 472 | -4 |
| O07M174V01 | Mestrado universitario en operacións e enxeñaría de sistemas aéreos non tripulados | 210 | 210 | 0 |
| O07M197V01 | Mestrado universitario en enxeñaría aeronáutica | 1056 | 1056 | 0 |
| P01M171V01 | Mestrado universitario en deseño e dirección creativa en moda | 676 | 676 | 0 |
| P02M156V01 | Mestrado universitario en investigación en actividade física, deporte e saúde | 250 | 250 | 0 |
| P02M163V01 | Mestrado universitario en dirección integrada de proxectos | 294 | 294 | 0 |
| P02M178V01 | Mestrado universitario en investigación e innovación en didácticas específicas para educación infantil e primaria | 240 | 240 | 0 |
| P04M110V01 | Mestrado universitario en avogacía-Pontevedra | 432 | 432 | 0 |
| P04M125V01 | Mestrado universitario en dirección pública e liderado institucional | 507 | 507 | 0 |
| P04M176V01 | Mestrado universitario en comunicación en medios sociais e creación de contidos dixitais | 396 | 319 | 77 |
| P05M191V01 | Mestrado universitario en exercicio terapéutico e funcional en fisioterapia | 384 | 384 | 0 |

| CÓDIGO | DENOMINACIÓN | 2024/25 | | |
|------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------|-------|----------|
| | | MÁX. | PDA | Dif. PDA |
